

BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO DO “OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TERRAS DO LENGÜELLE - 2024-2025 - (PR. TR353A)

O obradoiro de emprego **TERRAS DO LENGÜELLE** é un proxecto mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que teñan unha idade superior a dezoito anos. É subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e cofinanciado e promovido polo concello de Trazo xunto cos concellos de Tordoia, Cerceda e Oroso.

Este proxecto está subvencionado ao abeiro de Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 publicada no DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2024.

As **especialidades** a impartir son as seguintes:

- 1) **ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA** (AGAO0108), con 10 alumnos/as.

- 2) **ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES** (AGAR0309), con 10 alumnos/as.

A distribución do alumnado traballador por concellos e a seguinte:

- Concello de Cerceda: 5 alumnos/as
- Concello de Tordoia: 5 alumnos/as
- Concello de Trazo: 6 alumnos/as
- Concello de Oroso: 4 alumnos/as

As actuacións a realizar son:







- 1.- Labores de mantemento do xardín da Casa Consistorial de Trazo
- 2.- Labores de mantemento da praza do centro médico - Trazo
- 3.- Labores de mantemento e conservación do entrono da piscina municipal - Trazo
- 4.- Labores de mantemento e conservación da área de lecer de castelo - Trazo
- 5.- Labores de mantemento e conservación da área de lecer de Viaño Grande - Trazo
- 6.- Labores de mantemento e conservación da área de lecer de Chaián - Trazo
- 7.- Labores de mantemento e conservación da carballeira de Chaián - Trazo
- 8.- Labores de mantemento do entorno da escola de Berreo - Trazo
- 9.- Labores de mantemento e plantación do local social de Berreo - Trazo
- 10.- Labores de mantemento do entorno da área de lecer de Berreo - Trazo
- 11.- Labores de mantemento da área de lecer de Oa - Trazo
- 12.- Labores de mantemento da carballeira de Benza - Trazo

- 13.- Labores de mantemento da área da Castiñeira - Trazo
- 14.- Labores de mantemento do antigo campo de fútbol de Viladabade - Tordoia
- 15.- Roza, limpeza e reforestación da braña da fonte - Tordoia
- 16.- Roza, limpeza e plantación da chousa vella - Tordoia
- 17.- Labores de mantemento do entorno da escola de Viladabade - Tordoia
- 18.- Labores de mantemento da escola de Belvís - Tordoia
- 19.- Labores de mantemento e conservación da área recreativa de Folgueira - Tordoia
- 20.- Labores de mantemento da área recreativa O Empalme - Tordoia
- 21.- Labores de mantemento e reforestación do antigo campo de futbol de Gorgullos - Tordoia
- 22.- Labores de mantemento da área da piscina municipal de Tordoia
- 23.- Labores de mantemento da área de Pedra Longa - Tordoia
- 24.- Labores de mantemento do Paseo Fluvial do Acebedo I - Cerceda
- 25.- Labores de mantemento do Paseo Fluvial do Acebedo II - Cerceda
- 26.- Labores de mantemento no xardín botánico - Cerceda
- 27.- Labores de mantemento no parque da escola unitaria de Deixebre - Oroso
- 28.- Labores de mantemento no parque da escola unitaria de Senra - Oroso
- 29.- Labores de mantemento no parque da escola unitaria de Vilacide - Oroso
- 30.- Labores de mantemento no parque da escola unitaria de Trasmonte - Oroso
- 31.- Labores de mantemento e conservación da área recreativa de A Grabanxa - Oroso
- 32.- Labores de mantemento e conservación no parque do Carboeiro - Oroso
- 33.- Labores de mantemento e conservación na área recreativa de Penateixa - Oroso

O obradoiro terá unha duración de 9 meses. A contratación do alumnado-traballador ,será baixo a modalidade de “Contrato de formación en alternancia”, desenvolto segundo o Real Decreto/lei 32/2021 de Medidas urxentes para a Reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación no mercado de traballo. Non poderá, polo tanto, entrar na selección quen non poida desenvolver na especialidade correspondente un contrato dese tipo. Percibirán as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

A data límite prevista será a autorizada pola Xefatura Territorial da Coruña segundo se prevé na citada Orde.

A contratación do persoal directivo, docente, de apoio e administrativo será baixo a modalidade contractual ou na forma que dicte a normativa e as instrucións vixentes. Será de aplicacióna Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvención para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autonoma de Galicia, e máis concretamente ao Artigo 12. Procedemento de selección do persoal formador, directivo e depoio . (DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2024) e ao Real-Decreto 818/2021 do 28 de setembro , polo que se regulan os programas comúnes de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego , (BOE núm. 233, do 29 de setembro de 2021). A data límite prevista para o seu inicio será a autorizada pola Xefatura Territorial da Coruña segundo se prevé na Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvención para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia. Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal: `

-  **XUNTA DE GALICIA** | **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**  **GOBIERNO DE ESPAÑA**  **MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL**  **SEPE**  **OBRADEIROS DE EMPREGO DE GALICIA**  **Xacobeo 21-22**
- Un/unha mestre/a
- XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA (AGAO0108) (xornada completa)
- Un/unha mestre/a para impartir a especialidade ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES (AGAR0339) (xornada completa)
- Un/unha titor/a (xornada parcial)
- Un/unha auxiliar administrativo/a (xornada completa)

NORMAS XERAIS E PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

A selección será realizada pola entidade promotora e as entidades participantes no proxecto do obradoiro, tal e como menciona a Orde, que serán as encargadas de seleccionar o persoal directivo, docente e administrativo de apoio, e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego que van participar nos proxectos aprobados pola Comisión Central de Valoración seguindo a normativa reguladora para os obradoiros de emprego e as instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio así como do alumnado traballador dos obradoiros duais de emprego de data 19/08/2024.

A selección do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto que se vai poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Nos criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e ás particulares circunstancias de dificultade das mesmas.

O Grupo de Traballo do Obradoiro de emprego Terras de Lengüelle, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

Así mesmo, ditas actuacións cumpriran cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos na correspondente orde de convocatoria e demais instrucións.

En base á normativa exposta, o sistema de selección aterase aos seguintes procedementos:

1.- GRUPO DE TRABAJO DO OBRADOIRO DE EMPREGO TERRAS DE LENGÜELLE.

A primeira actuación na xestión do Obradoiro será a constitución do Grupo de Traballo do Obradoiro de Emprego Terras de Lengüelle, en adiante, o Grupo de Traballo. Este estará constituído por catro persoas, en representación das entidades participantes do proxecto. A presidencia recaerá na persoa que actúe en representación da entidade promotora do proxecto.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do Obradoiro poderá formar parte do Grupo de Traballo nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

Se por calquera causa, no momento de ter lugar algunha das sesións do Grupo de Traballo, algún membro do mesmo non poda acudir, poderá substituírse por outra persoa designada pola entidade a que representa.

As decisións aprobaranse por maioría simple do Grupo de Traballo validamente constituído. Ademais, a persoa designada na presidencia disporá de voto de calidade se fora necesario dirimir os posibles empates nas votacións.

As reunións do Grupo de Traballo, así como outras especificacións da selección recolleranse nas actas do proceso correspondente por triplicado.

Calquera comunicación ao Grupo de Traballo dirixirase ao Concello de Trazo, Viaño Pequeno, s/n, Campo, CP 15687, Trazo, A Coruña, ou a través da Sede electrónica da páxina web da entidade promotora <https://sede.concellodetrazo.es>

Segundo o recollido na Orde, no seu artigo 14:

“1. As incidencias e reclamación que se puideran suscitar, derivadas do proceso de selección, serán resoltas pola entidade promotora.

2. Calquera que sexa o sistema de selección utilizado, seguiranse os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas aínda cando a entidade promotora sexa unha administración. Neste último caso, o persoal e o alumnado-traballador seleccionados non se consideran incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa”.

O proxecto de obradoiro dual de emprego “Obradoiro de emprego Terras de Lengüelle” (Expediente TEDEC 2024/A003/000005), terá como data prevista para o seu inicio o 02-12-2024, segundo o permite a comunicación realizada, con data de 19-08-2024, polo Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na Coruña.

2.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO

Unha vez ditada a resolución de concesión da subvención para o obradoiro de emprego e establecidas as bases polo Grupo de Traballo, o Concello promotor tramitará a correspondente oferta na Oficina de Emprego de Santiago Norte, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo Grupo de Traballo.

Como parte do proceso de selección realizarase unha entrevista persoal para avaliar o seu interese en participar no proxecto e aptitudes, actitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

Con posterioridade, e despois de publicar no lugar no que se realizara a entrevista as puntuacións da mesma, aplicará o baremo establecido no Anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego.

Parámetros da oferta

Sistema de selección: Oferta tipo T

Localidade: Ámbito dos Concellos de Trazo, Tordoia, Cerceda e Oroso. No caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, a sondaxe ampliaríase a Concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade mínima: 18 anos

Situación Laboral: persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que podan subscribir contrato de formación en alternancia nas especialidades impartidas.

Candidaturas: 3 por praza, de seren posible. Comezase entre demandantes de emprego co código 320, 330 "Casas de Oficio", 340 "Obradoiros de Emprego", ou 370 "Outros programas de formación de emprego, formación dual".

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11 da Orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG nº 38, do 22 de febreiro de 2024).

O Grupo de Traballo dará preferencia en todo caso ós candidatos que non participaran nun obradoiro dual de emprego ou nun programa de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores.

Xestión definitiva da selección

O Grupo de Traballo redactará a correspondente acta co resultado da selección e remitirá a Xefatura Territorial (Servizo de Formación para o Emprego e Orientación), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da exclusión.

A documentación xustificativa que acheguen para que sexa baremada, cuxa relación figura no Anexo I, será presentada a través de medios electrónicos, **a través da sede electrónica do Concello de Trazo: <https://sede.concellodetrazo.es>, ou preferentemente no rexistro xeral do Concello de Trazo presencialmente con orixinal e copia da mesma**. Autorízase, por defecto ao Grupo de Traballo á consulta de documentación que xa obra en poder da administración correspondente e que se detallará en dito anexo.

A non presentación de documentación xustificativa nos apartados nos que poida puntuarse, suporá que se lle adxudiquen 0 puntos nese apartado.

XESTIÓN DEFINITIVA DA SELECCIÓN

3.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE, ADMINISTRATIVO DE APOIO

Procedemento: Unha vez ditada a resolución de concesión da subvención para o obradoiro de emprego con data de 19/08/2024, e establecidas as bases polo Grupo Municipal de Traballo, o Concello promotor en base á Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvención para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e máis concretamente ao Artigo 12. Procedemento de selección do persoal formador, directivo e de apoio . (DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2024) e ao Real-Decreto 818/2021 do 28 de setembro , polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego , (BOE núm. 233, do 29 de setembro de 2021), o Concello de Trazo para o “obradoiro de emprego Terras de Lengüelle” propón a continuidade de parte do persoal directivo e docente contratado no anterior proxecto de Obradoiro de emprego “Obradoiro dual de emprego Trazo Tordoia Cerceda II” xestionado por dito concello , segundo o establecido no artigo 34.2 do Real decreto 818/2021, que regula os programas comúns de activación para o emprego do SNE AGÁS o administrativo de apoio e o docente de actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería.

Os candidatos a docentes, para seren validados, incluso tratándose da opción de continuidade do mesmo persoal contratado anteriormente deben cumprir o disposto no artigo 168 do Real Decreto 659/2023.

Procedemento en caso de que se produzan Vacantes dentro de cadro de persoal directivo, docente e de apoio:

Unha vez ditada a resolución de concesión da subvención para o obradoiro de emprego con data de 19/08/2024, e establecidas as bases polo Grupo Municipal de Traballo, A entidade promotora tramitará as correspondentes ofertas de emprego para este persoal na Oficina de Emprego de Santiago Norte , que as xestionará para obter as candidaturas das que se procederá á selección definitiva.

Nas ditas ofertas adecuaranse os perfís das persoas solicitadas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas como demandantes de emprego e terá preferencia quen, en igualdade de condición de cumprimento do perfil requirido, se atope en situación de desemprego (artigo 12.5)

Como resultado das ofertas presentaranse un máximo de 10 candidaturas por cada un dos postos para a súa avaliación.

O ámbito da sondaxe será o Concello de Trazo, Oroso, Tordoia e Cerceda. No caso de non obter o número de candidaturas suficientes ampliarase a outros Concellos limítrofes, con preferencia de aqueles que non teñan proxecto de Obradoiro de emprego, segundo o sistema de ofertas do Servizo Público de Emprego de Galicia. As ofertas de emprego serán elaboradas pola entidade promotora, tramitaranse na oficina de emprego de Santiago Norte e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia por un prazo mínimo de dous días.

A oficina de emprego ou o Grupo de Traballo poñerase en contacto coas persoas preseleccionadas, indicándolles o lugar e data da entrevista persoal na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. A documentación acreditativa dos méritos avaliábeis relacionados no currículo (ver baremos) deberá presentarse por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Trazo: <https://sede.concellodetrazo.es>, ou preferentemente no rexistro xeral do Concello de Trazo presencialmente con orixinal e copia da mesma.

As titulacións académicas xustificaranse co correspondente título académico oficial e os cursos realizados xustificaranse cos correspondentes diplomas.

A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

- **Traballo por conta allea:** vida laboral actualizada á anualidade de 2024 expedida pola TGSS e contratos laborais correspondentes para o contraste coa vida laboral. Computaranse os meses completos. Na ausencia de contratos de traballo, poderá xustificarse a ocupación desenvolvida con certificados de empresa ou calquera documento válido en dereito no que apareza indicada a mesma.
- **Persoas traballadoras autónomas:** Alta do Imposto de Actividades Económicas xunto coa vida laboral á anualidade de 2024. Valoraranse os meses completos traballados. No caso de non estar obrigados, documento que lles exima da obriga de cotizar ou calquera documento válido en dereito que se considere suficiente por parte do Grupo de Traballo.
- **Traballos no estranxeiro:** certificación oficial, traducida ao español ou galego, na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo, nin terá lugar a entrevista.

A Grupo de Traballo levará a cabo as entrevistas, e valorará e publicará as puntuacións nos Concellos participantes no proxecto. Ademais, redactará as correspondentes actas, que serán obxecto de exposición pública e remitiránse á Xefatura Territorial (Servizo de Formación para o Emprego e Orientación). Con posterioridade valorará os currículos conforme aos baremos e redactará a correspondente acta que se remitirán á Xefatura Territorial (Servizo de Formación para o Emprego e Orientación). A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas no taboleiro electrónico da entidade promotora, así como na da Xefatura Territorial, na oficina de emprego de Santiago Norte, así como na páxina web da entidade promotora e dos demais Concellos do proxecto, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

3.1.- Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

1. O maior tempo acreditado en situación de desemprego
2. Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
3. A puntuación acadada nas probas de aptitude ou coñecementos, de terse realizado.
4. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
5. A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
6. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
7. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
8. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
9. A persoa de maior idade.

3.2.- Incompatibilidade

As persoas candidatas que na data de remate do proceso selectivo estivesen prestando servizos a tempo completo nun Obradoiro de emprego, non poderán ser propostas para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no proceso de selección.

Publicacións e/ou notificación. Contratación

O Grupo de Traballo acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas, de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Este publicación será, cando menos, no taboleiro electrónico da entidade promotora.

Finalizada a derradeira fase, a entidade promotora procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento.

As puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

3.3. Co resultado do proceso elaboraranse as listas por orde de puntuación, seleccionados e persoas en lista de agarda, que terá vixencia durante a duración do “Obradoiro de emprego Terras de Lengüelle”.

En Trazo, na data da sinatura dixital

Asdo: Belen Viqueira Tasende
(AEDL do concello de Cerceda)

Asdo: Marisol Calo Lamas
(Educatora Familiar do Concello de Trazo)

Asdo: Carlos Siera Romero
(AEDL do concello de Tordoia)

Asdo/ M^a Dolores Cores Liste
(Administrativo departamento de Intervención concello de Oroso)

CVD: YgmcT4jTM3RhdahBiFC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: gXgrnHSnF7c0sHgYONBT3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

1.- MULLERES

Vítimas de violencia de xénero	2 puntos
Non puntuadas no apartado anterior	1 punto

2.- IDADE

18-29 anos	4 puntos
30-44 anos	1 punto
45 ou mais anos	3 puntos

3.- DISCAPACIDADE

Minusvalía > 33 %	1 punto
-------------------	---------

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

(Xustificante: certificación ou resolución do Servizo Público de Emprego Estatal, ou calquera outro documento válido en dereito que acredite esta circunstancia)

Perceptoras de desemprego	1 punto
Perceptoras de subsidios, RAI, SED, RISGA	2 puntos
Non perceptoras	4 puntos

5.- TEMPO DE INSCRICIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO

(Certificado períodos de inscrición)

Menos de 12 meses	1 punto
De 12 a 18 meses	2 puntos
Mais de 18 meses	4 puntos

6.- CATEGORIA PROFESIONAL NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR

(Xustificante: vida laboral)

Autónomos	0 puntos
Grupo de cotización do 1 ao 7	0 puntos
Grupo de cotización 8	1 punto
Grupo de cotización 9	2 puntos
Grupo de cotización 10	3 puntos
Sen emprego anterior	4 puntos

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

(Xustificación: certificación dos Servizos Sociais do Concello ou a entidade local respectiva ou da Consellería correspondente)

Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social	1 punto
--	---------

8.- FORMACION ACADÉMICA

(Xustificación: título académico, certificación académica ou calquera outro documento válido en dereito que acredite esta circunstancia)

Ata graduado en ESO	3 puntos
Bacharelato/BUP e Ciclo Medio de Formación Profesional	2 puntos
Títulos universitarios e Ciclo Superior de Formación Profesional	1 punto

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES/ UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA

(Entendéndose por estas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou Concellos onde residan e no suposto de inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

Xustificación: libro de familia ou certificado de convivencia do Concello ou calquera outro documento válido en dereito

Unidade familiar de 4 ou mais membros	1 punto
Monoparental con fillos/fillas	1 punto

10.- OUTROS (IPI)

Itinerario de Inserción Profesional	1 Punto
-------------------------------------	---------

11.- PERSOAS QUE NON PARTICIPARAN EN OBRADEIROS OU PROGRAMAS SIMILARES PREVIOS, NAS ÚLTIMAS CINCO CONVOCATORIAS

Persoas que non participaran nun Obradoiro ou escola-taller de igual ou distinta especialidade con anterioridade	10 puntos
--	-----------

12.- ENTREVISTA

Entrevista	Ata 15 puntos
------------	---------------

IMPORTANTE: A documentación a aportar polo alumnado-traballador irá especificada no momento que sexan convocados para o proceso selectivo pola oficina de emprego e igualmente especificarase o prazo de presentación da mesma.

A documentación que non reflecta a situación real da persoa candidata implicará a súa exclusión do proceso de selección

Baseándonos no artigo 12 da Orde do 7 de febreiro de 2024, darase continuidade ós titulares das prazas do anterior proxecto obradoiro de emprego Trazo, Tordoia e Cerceda II, que así o manifesten. No caso de que a praza quedase vacante, será de aplicación o seguinte baremo.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA DIRECTOR/A

1.- Funcións do posto

Encargarase da coordinación xeral do Obradoiro de Emprego e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego e Igualdade, entidades promotoras, empresariado e grupos de interese para o desenvolvemento das accións.

Levará a cabo a xestión e supervisión administrativa e económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo, coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do programa e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral, estará encargado do bo funcionamento do programa e de cumprir cos requirimentos da normativa que lle afecta. Concretamente, correspóndelle:

- Coordinación co grupo de traballo para a execución do programa e tarefas de carácter administrativo.
- Coordinación coa Consellería de Economía, Emprego e Industria en todo o relacionado coa execución do programa.
- Execución das tarefas de xestión económica e administrativa do programa e dos documentos e tramitacións asociadas.
- Seguimento e avaliación do programa.
- Elaboración, xunto co equipo docente, da proposta do plan de actuacións. e o cronograma de execución.
- Presentación ante a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ante o Concello de Trazo das memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria de execución das actuacións, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material e maquinaria.
- Coordinación da programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e aos certificados de profesionalidade.
- Supervisión da formación do alumnado-traballador e a labor educativa e laboral do persoal docente e elaboración de expedientes disciplinarios ou sancionadores, se fose o caso.
- Colaboración coas áreas de Orientación Laboral, Desenvolvemento Local e CIM da entidade promotora para levar a cabo actividades relacionadas coa inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o programa.
- Control do cumprimento das obrigas de todo o persoal do programa, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo, en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio ao control directo do cumprimento de tales normas.

- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a
- Exercer a coordinación das actuacións do proxecto
- Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados.

2.- Requisitos específicos

- Titulación esixida: Rama forestal, agrícola ou ciencias ambientais, mínima Diplomatura.
- Permiso de conducir B.
- Experiencia mínima de 12 meses en ocupación relacionadas coa titulación mínima.

3.- Valoración do currículo

Titulación académica:

- A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante.
- Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada á requirida:
 - Diplomatura: 1 punto.
 - Licenciatura ou grao: 1,5 puntos.
 - Posgrao ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
 - Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
 - Doutoramento: 1,25 puntos.
 - Título de técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
 - Título de técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A puntuación deste apartado é acumulable ata un máximo posible de **1,5 puntos**.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en obradoiros de emprego, escolas obradoiro, casas de oficios ou formación ocupacional: 0,20 puntos por mes traballado, ata un máximo de 6 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fora do ámbito dos obradoiros de emprego, escolas obradoiro, casas de oficios ou formación ocupacional: 0,10 puntos por mes traballado, ata un máximo de 2 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimos" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar son **8 puntos**.

Cursos realizados:

Valóranse unicamente os cursos relacionados coas funcións do posto e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas. No caso de cursos relativos á preparación informática duplicarase a puntuación base no caso dos realizados a partir do 01/01/2016.

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por cada curso.

- Cursos de 100 ou mais horas lectivas: 0,20 por cada curso.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán. Non se valorarán os cursos nos que non se especifica o número de horas.

A puntuación máxima que se pode acadar son **2,5 puntos**

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos.
- Celga 5: 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en conta o de grao superior

A puntuación máxima a obter neste apartado será de **1 puntos**.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes, actitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se pode acadar son **7 puntos**.

4.- Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuación obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRE/A DA ESPECIALIDADE AGAO0108 ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA E AGAR0309 ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES.

Visto que o posto de mestre da especialidade de actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería foi ocupado ó longo deste último proxecto por varios traballadores, considérase máis axeitado realizar un proceso selectivo de acordo cas bases expostas.

1.- Funcións

A función principal é impartir a educación correspondente ao certificado de profesionalidade e actuar como mestre da súa especialidade nas actuacións que se leven a cabo como práctica profesional do alumnado traballador, avaliándoos nestes aspectos.. Entre as funcións específicas figuran as seguintes:

- Elaboración xunto coa dirección da programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e das actuacións a executar. Incluirá a preparación previa dos contidos teórico-prácticos e a realización das actividades correspondentes.

- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador, do regulamento de réxime interno (asistencia, puntualidade, actitude) e de que se respecten as normas de seguridade e saúde en particular.
- Notificación á Dirección do programa das incidencias das que teña coñecemento.
- Traslado do alumnado (condución do vehículo) nos casos en que sexa necesario.
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodiados materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Coordinará a execución das actuacións (unidades de obra) da especialidade e realizará os estudos previos para a boa definición das tarefas.
- Análise de necesidades e solicitude á Dirección da compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.
- Colaboración en materia de orientación profesional e laboral do alumnado-traballador.
- Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados.

2.- Requisitos

- Nivel académico: O establecido polo RD 682/2011, de 13 de maio, que recolle as características do certificado de profesionalidade das especialidades (BOE núm. 137 de 09 de xuño de 2011) tendo en conta as especificacións do artigo 168 do RD 659/2023 de 18 de xullo polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.
- A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para impartir a docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.
- Permiso de conducir B.

3.- Valoración do currículo

Titulación académica:

- A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante.
- Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada á requirida:
 - Diplomatura: 1 punto.
 - Licenciatura ou grao: 1,5 puntos.
 - Posgrao ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
 - Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
 - Doutoramento: 1,25 puntos.
 - Título de técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
 - Título de técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A puntuación deste apartado é acumulable ata un máximo posible de **1,5 puntos**.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en obradoiros de emprego, escolas obradoiro, casas de oficios ou formación ocupacional: 0,20 puntos por mes traballado, ata un máximo de 6 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fora do ámbito dos obradoiros de emprego, escolas obradoiro, casas de oficios ou formación ocupacional: 0,10 puntos por mes traballado, ata un máximo de 2 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como “requisitos mínimos” indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar son **8 puntos**.

Cursos realizados:

Valóranse unicamente os cursos relacionados coas funcións do posto e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas. No caso de cursos relativos á preparación informática duplicarase a puntuación base no caso dos realizados a partir do 01/01/2016.

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por cada curso.
- Cursos de 100 ou mais horas lectivas: 0,20 por cada curso.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán. Non se valorarán os cursos nos que non se especifica o número de horas.

A puntuación máxima que se pode acadar son **2,5 puntos**

Cursos de formación:

- Curso de especialización docente (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de metodoloxía didáctica (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de formador de formadores (400 horas): 1 punto
- Curso de C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria): 1 punto
- Curso de Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110): 1 punto

Cando se teña en conta algún curso para acreditar a competencia docente esixida no artigo 13 do Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, (B.O.E. núm 69 do 21 de marzo de 2013), non se puntuará ese mesmo curso neste apartado como mérito adicional.

A puntuación máxima é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos.
- Celga 5: 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en conta o de grao superior

A puntuación máxima a obter neste apartado será de **1 punto**.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes, actitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se pode acadar son **7 puntos**.

4.- Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuación obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TITOR/A

1.- Funcións do posto

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do programa cos docentes. Así mesmo, encargarse de impartir accións formativas transversais. A continuación relaciónanse algunhas das funcións específicas:

- Impartir o contido formativo relacionados cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto se fose necesario.
- Planificación e elaboración do material didáctico que se vai usar, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento do programa. Redacción de actas e exames.
- Seguimento do alumnado (asistencias, puntualidade...) e titorías individuais ou grupais co alumnado.
- Impartir os módulos de Igualdade de xénero, Orientación, información profesional, formación empresarial, alfabetización informática e Sensibilización ambiental.
- Colaboración coa Dirección nas tarefas administrativas.
- Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados.

2.- Requisitos específicos

- Nivel académico: Titulación universitaria de grao, diplomatura, licenciatura ou equivalente relacionadas coa docencia.
- Permiso de conducir B.

3.- Valoración do currículo

Titulación académica:

- A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante.
- Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada á requirida:
 - Diplomatura: 1 punto.
 - Licenciatura ou grao: 1,5 puntos.
 - Posgrao ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
 - Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
 - Doutoramento: 1,25 puntos.
 - Título de técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
 - Título de técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A puntuación deste apartado é acumulable ata un máximo posible de **1,5 puntos**.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en obradoiros de emprego, escolas obradoiro, casas de oficios ou formación ocupacional: 0,20 puntos por mes traballado, ata un máximo de 6 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fora do ámbito dos obradoiros de emprego, escolas obradoiro, casas de oficios ou formación ocupacional: 0,10 puntos por mes traballado, ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar son **8 puntos**.

Cursos realizados:

Valóranse unicamente os cursos relacionados coas funcións do posto e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas. No caso de cursos relativos á preparación informática duplicarase a puntuación base no caso dos realizados a partir do 01/01/2016.

Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por cada curso.

- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 por cada curso.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán. Non se valorarán os cursos nos que non se especifica o número de horas.

A puntuación máxima que se pode acadar son **2,5 puntos**

Cursos de formación:

- Curso de especialización docente (100 horas): 0,50 puntos.
- Curso de metodoloxía didáctica (150 horas): 0,75 puntos.
- Curso de formador de formadores (400 horas): 1 punto.
- Curso de C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria): 1 punto.
- Curso de Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110): 1 punto.

Cando se teña en conta algún curso para acreditar a competencia docente esixida no artigo 13 do Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, (B.O.E. núm 69 do 21 de marzo de 2013), non se puntuará ese mesmo curso neste apartado como mérito adicional.

A puntuación máxima é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos.
- Celga 5: 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en conta o de grao superior

A puntuación máxima a obter neste apartado será de **1 punto**.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes, actitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se pode acadar son **7 puntos**.

4.- Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuación obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

1.- Funcións do posto

A persoa candidata seleccionada encargarase das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando coa dirección en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade e arquivo de documentación.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado.
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora.

2.- Requisitos específicos

- Nivel académico: ESO, BACHARELATO, titulación de técnico/a en xestión administrativa ou técnico superior en administración e finanzas ou titulacións universitarias en ciencias empresariais, administración e dirección de empresas, relacións laborais ou dereito.
- Experiencia profesional mínima: 6 meses en ocupacións relacionadas co posto a desenvolver.

3.- Valoración do currículo

Titulación académica:

- A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante.
- Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada á requirida:
 - Diplomatura: 1 punto.
 - Licenciatura ou grao: 1,5 puntos.
 - Posgrao ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.

- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Título de técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
- Título de técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A puntuación deste apartado é acumulable ata un máximo posible de **1,5 puntos**.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en obradoiros de emprego, escolas obradoiro, casas de oficios ou formación ocupacional: 0,20 puntos por mes traballado, ata un máximo de 6 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fora do ámbito dos obradoiros de emprego, escolas obradoiro, casas de oficios ou formación ocupacional: 0,10 puntos por mes traballado, ata un máximo de 2 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como “requisitos mínimos” indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar son **8 puntos**.

Cursos realizados:

Valóranse unicamente os cursos relacionados coas funcións do posto e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas. No caso de cursos relativos á preparación informática duplicarase a puntuación base no caso dos realizados a partir do 01/01/2016.

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por cada curso.
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 por cada curso.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán. Non se valorarán os cursos nos que non se especifica o número de horas.
- A puntuación máxima que se pode acadar son **2,5 puntos**

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos.
- Celga 5: 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en conta o de grao superior

A puntuación máxima a obter neste apartado será de **1 punto**.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes, actitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se pode acadar son **7 puntos**.

4.- Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuación obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

***IMPORTANTE:** Os candidatos acollidos o artigo 12.1 para a continuidade como persoal contratado neste proxecto, no prazo de dous días hábiles dende a publicación das bases, mediante unha declaración xurada manifestarán o seu interese na continuidade. Dito documento presentarse no rexistro da entidade ou a través de calquera das formas da LPAC.

En Trazo, na data da sinatura dixital

Asdo: Belen Viqueira Tasende
(AEDL do concello de Cerceda)

Asdo: Marisol Calo Lamas
(Educatora Familiar do Concello de Trazo)

Asdo: Carlos Siera Romero
(AEDL do concello de Tordoia)

Asdo/ M^a Dolores Cores Liste
(Administrativo departamento de Intervención concello de Oroso)